



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Carballo González, Ángeles
Diz Ferreiro, Paula
Fernández Fernández, Federico
Fernández Freijedo, Judit
Fernández Iglesias, Manuel José
Sánchez Gálvez, Estevo
Ríos Santomé, M^a José
Valderrama Santomé, Mónica
Valeije Álvarez, Inmaculada
Vaquero Díaz, Beatriz

DESCULPA ASISTENCIA

Soto Andión, Xosé

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 15 de decembro de dous mil dez ás 10:00 horas.

O mércores, día **15 de decembro 2010**, ás 10:00 horas, nas salas de videoconferencia dos tres campus, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 23 de novembro de 2010.
2. Sorteio da letra pola que debe comezar a relación de candidatos na papeleta electrónica.
3. Aprobación, se procede, do procedemento de voto electrónico nos consellos de campus.
4. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 23 de novembro de 2010.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Sorteio da letra pola que debe comezar a relación de candidatos na papeleta electrónica.

De acordo co artigo 12 do Regulamento para a elección de membros dos consellos de campus, faise o sorteio da letra pola que deberá comezar os nomes dos candidatos proclamados nas papeletas. A letra que sae é o V.

Punto 3. Aprobación, se procede, do procedemento de voto electrónico nos consellos de campus.

O presidente toma a palabra para describir o procedemento de voto electrónico e explicar aos membros da Comisión os aspectos técnicos do procedemento. Así mesmo, expón aos asistentes as vantaxes do voto electrónico en orde a garantir a confidencialidade do voto e identidade da persoa que participou no proceso. Para rematar, fai referencia ás incidencias técnicas que poden xurdir no acto de votación ou no escrutinio e a forma de que deben ser

liquidadas con arranxo ao disposto no artigo 8, e a forma de realizar o escrutinio de acordo co establecido no artigo 9.

Intervén o alumno don Estevo Sánchez para preguntar sobre a seguridade do sistema de voto electrónico e sobre cales son as garantías que existen para evitar que desde fóra do sistema se poida acceder e alterar o proceso de votación. Tamén pregunta se é posible desvelar os datos dos que votaron e a quen votaron.

Na súa opinión, desde o punto de vista técnico, non hai diferenzas entre o acceso externo e interno.

O presidente responde que os electores terán que identificarse co seu certificado dixital, en particular cos certificados FNMT incluídos na súa tarxeta universitaria, o certificado da FNMT instalado no seu navegador ou no seu DNI. Trátase dunha clave persoal. Xa houbo outras eleccións polo procedemento de voto electrónico e non houbo problemas.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Rogos e preguntas.

A Prof^a Mónica Valderrama pregunta se ese día pode estar alguén no Campus de Pontevedra para que non se dea o caso de que alguén quede sen participar na votación por problemas técnicos.


O presidente respóndelle que no vestíbulo da Facultade de Ciencias Sociais habilitárase un computador para realizar a votación para quen estea validamente identificado co seu DNI electrónico ou coa tarxeta universitaria.

A Sra. María José Ríos pregunta, respecto do Campus de Pontevedra, se será posible localizar a un informático.

O presidente fai as aclaración correspondentes.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:25 horas do día 15 de decembro de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



M^a Inmaculada Valeije Álvarez